

ACTA Nº1 DA COMISION DE AVALIACION DO CONCURSO PARA A PROVISION DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE SERVIZO DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO NO CONCELLO DE LUGO. CONSTITUCION DA COMISION E BAREMACION DE MERITOS.

Sendo as 09:30 horas do día 16 de maio de 2025, reúnen-se os funcionarios e funcionarias designados por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo de data 02/10/2024 (acordo nº 9/432) para formar parte da Comisión de Avaliación do Concurso para a provisión do posto de traballo de xefe/a de servizo de contratación e patrimonio no Concello de Lugo. As bases e a convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 239, de 16 de outubro de 2024, un extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia número 236 de 9 de decembro de 2024 e no Boletín Oficial do Estado número 305 de 19 de decembro de 2024.

I. CONSTITUCION DA COMISION DE AVALIACION

Preside o acto o presidente titular, don Luis Ramón Vázquez Parga, interventor xeral do Concello de Lugo.

Actúan como vogais don Marco Antonio García-Gabilán Sangil, secretario-interventor do Concello de O Corgo; don Luis Alfonso Casais Fernández, letrado xefe do Gabinete Territorial de Lugo da Xunta de Galicia; e don Xosé Manuel Cao Rei, xefe de Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo.

Actúa como secretaria dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

O presidente da Comisión de Avaliación procede a comprobar o quorum de asistencia e pregunta aos membros da Comisión se recibiron a documentación preceptiva do Concurso enviada polo Servizo de Persoal do Concello de Lugo remitida por correo electrónico e consistente en:

-Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo de data 02/10/2024 de aprobación das bases e designación da Comisión de Valoración do Concurso para a provisión do posto de traballo de xefe de servizo de contratación e patrimonio do Concello de Lugo (acordo nº9/432).

-Decreto do Tenenta de alcaldesa da área de Transición Ecolóxica de Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos internos nº 9250/2024 de data 10/10/2024 de convocatoria do concurso para a provisión do posto de traballo de xefe de servizo de contratación e patrimonio do Concello de Lugo.

-Decreto do Tenenta de alcaldesa delegado da área de Xestión integral de Recursos internos nº 1653/2025 de data 20/02/2025 da aprobación da listaxe provisional de admitidos e excluídos.

AMRG

Refº: ispac3244797529169903401.doc

Asunto: ACTA SESIÓN COMISIÓN DE VALORACIÓN PROVISIÓN DE POSTO DE TRABAJO XEFE DE SERVIZO DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

-Decreto do Tenenta de alcaldesa delegado da área de Xestión integral de Recursos internos nº 3113/2025 de data 28/03/2025 da aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

A secretaria recorda aos membros da Comisión de Valoración que están suxeitos ao deber de sixelo e pregunta se algún membro da Comisión incorre en causa de abstención que lle impida formar parte da mesma. Os distintos membros da Comisión manifestan que non incorren en causa de abstención.

O presidente declara constituída a Comisión de Avaliación por estar todos os seus membros titulares ou suplentes, e por cumprirse as formalidades recollidas nos artigos 19 a 22 das instrucións dos órganos de selección do Concello de Lugo.

II. BAREMACION PROVISIONAL DE MERITOS

Unha vez constituída a Comisión de Avaliación procédese á baremación provisional dos méritos dos funcionarios/as presentados ao concurso de referencia.

As SOLICITUDES presentadas en prazo son as seguintes segundo consta Decreto do Tenenta de alcaldesa delegado da área de Xestión integral de Recursos internos nº 3113/2025 de data 28/03/2025 da aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos:

ASPIRANTES	EXPEDIENTE TECOL
MARIA CARMEN FLORES PARDO	2025/O023/000037
ALEJANDRO MASEDA MALLO	2025/O023/000042
JUAN ESTEBAN MÉNDEZ LEIVA	2025/O023/000045
PEDRO FELIPE PEDROUZO DEVESA	2025/O023/000040

A DOCUMENTACION que remite en soporte papel o servizo de persoal do Concello de Lugo á secretaría da Comisión de Avaliación do Concurso para proceder á baremación dos méritos dos candidato/as participantes no concurso é a seguinte:

-Documentación presentada por cada funcionario/a.

O BAREMO de méritos do concurso é o seguinte recollido no apartado cuarto das bases da convocatoria aprobada por Decreto do Tenenta de alcaldesa da área de Transición Ecolóxica de Excmo. Concello de Lugo, por suplencia do Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos internos nº 9250/2024 de data 10/10/2024 publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 239 de data 16 de outubro de 2024:

“(....) 4.- BAREMO DE MÉRITOS

Para fixar a orde de preferencia na adxudicación do posto no concurso, valoraranse os seguintes méritos:

1.- Antigüidade: valorarase cun máximo de 4 puntos, tendo en conta os servizos efectivos prestados e recoñecidos en calquera Administración pública, de conformidade coa seguinte escala:

- servizos no mesmo subgrupo/grupo que o do posto solicitado: 0,015 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais
- servizos nun subgrupo/grupo distinto ao do posto solicitado: 0,007 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais.

2.- Experiencia: experiencia no desenvolvemento de postos pertencentes á área funcional á que corresponda o convocado, entendendo por área funcional a política de gasto definida conforme á Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. Tomarase en consideración o posto de traballo ocupado na data de finalización do prazo de presentación de instancias. Puntuación de 3 puntos.

3.- Grao persoal consolidado: valorarase cun máximo de 2 puntos o grao persoal que se teña consolidado de conformidade co seguinte:

- por posuír un grao persoal superior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 2 puntos
- por posuír un grao superior nun nivel ao do posto solicitado: 1,75 puntos
- por posuír un grao de igual nivel ao do posto solicitado: 1,5 puntos
- por posuír un grao persoal inferior nun nivel ao do posto solicitado: 1,25 puntos
- por posuír un grao persoal inferior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 1 punto.

4.- Traballo desempeñado: valorarase cun máximo de 2,25 puntos segundo o nivel de complemento de destino correspondente ao posto de traballo desde o que se participa no concurso de conformidade co seguinte:

- nivel igual ao posto ao que se concursa: 2,25 puntos
- un nivel inferior: 2,14 puntos
- dous niveis inferiores: 2,03 puntos
- tres niveis inferiores: 1,92 puntos
- catro niveis inferiores: 1,81 puntos
- cinco niveis: 1,70 puntos
- niveis inferiores ao anterior: 1,50 puntos.

Aos/As funcionarios/as en comisión de servizos valoraráselles o nivel de complemento de destino do seu posto de orixe.

Unicamente se valorará o nivel dos postos que estean provistos na forma legalmente establecida.

5.- Permanencia no posto de traballo: valorarase cun máximo de 0,75 puntos a permanencia ininterrompida no mesmo posto dende o que se concursa segundo o seguinte:

- nos 5 anos anteriores: 0,75 puntos
- nos 4 anos anteriores: 0,50 puntos

- nos 3 anos anteriores: 0,25 puntos.

6.- Méritos académicos: valoraranse os cursos impartidos e/ou recibidos nos últimos 15 anos e ata a data de publicación da convocatoria cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto solicitado e convocados polo Concello, a Deputación, o INAP, a EGAP, organizacións sindicais ou outros axentes dentro do marco de acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

Valoraranse de 0,10 a 0,5 puntos por curso ata un máximo total de 3 puntos de acordo co seguinte:

- cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos
- cursos de 21 a 40 horas: 0,20 puntos
- cursos de 41 a 100 horas: 0,35 puntos
- cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos.

Non se valorarán os que non acrediten as datas de realización e horas de duración, os derivados de procesos selectivos, e os relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

Nos cursos referentes a unha mesma materia, valorarase unicamente o de nivel superior.

7.- Coñecemento da lingua galega: valorarase o coñecemento da lingua galega cun máximo de 1 punto, a razón de:

- Celga 2 ou equivalente: 0,20 puntos
- Celga 3 ou equivalente: 0,30 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,40 puntos
- Curso de linguaxe administrativa de nivel medio ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5, Curso de linguaxe administrativa de nivel superior ou equivalente: 1,00 punto.

Só se valorarán os cursos que non se esixan para a provisión do posto.

8.- Outras titulacións: valorarase cun máximo de 2 puntos calquera outra titulación académica oficial distinta da esixida para acceder á praza dende a que se concurra relacionadas co posto ao que se concurra.

- Bacharelato ou ciclo medio: 0,50 puntos
- Ciclo superior: 1,00 punto
- Título de diplomatura ou equivalentes: 1,5 puntos
- Título de máster, licenciatura ou grao universitario: 2 puntos.

9.- Conciliación da vida persoal e familiar: valorarase ata un máximo de 1 punto polos seguintes conceptos:

- coidado de fillos/as menores de 12 anos naturais ou por adopción ou acollemento permanente: 0,70 puntos;
- coidado dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade cando por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída: 0,5 puntos.

Os méritos referidos á conciliación acreditaranse como segue:

- coidado de fillo/a: copia do libro de familia ou resolución xudicial;

- *coidado dun familiar: copia do libro de familia e documento acreditativo da situación de dependencia e tamén certificado de non estar de alta na Seguridade Social.*

10.- Memoria. *Confección dunha memoria sobre a análise das tarefas do posto e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento, a xuízo do candidato/a, de acordo coa descrición contida na convocatoria. A puntuación máxima será de 6 puntos.*

Este mérito valorarase unicamente nos postos singularizados.

A Comisión procede a baremar os méritos aportados polos distintos candidatos de acordo coas bases da convocatoria apreciando o seguinte en relación a Don Alejandro Maseda Mallo: De conformidade co previsto na base 3 A), son requisitos para participar na convocatoria de concurso, ser funcionario/a de carreira de calquera Administración Pública con praza en propiedade ou funcionario/a de carreira de todas as administracións públicas, pertencente á escala, subescala e grupo establecida no anexo I cunha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira. Examinada a documentación presentada polo aspirante non se desprende que reuna este requisito pois se trata de funcionario con Habilitación de carácter nacional e si ben, desempeñou un posto de traballo na Deputación Provincial de Lugo, o foi con carácter interino e no grupo/subgrupo A2.

En aplicación do previsto nas propias Bases, en concreto na 4, só se procede á valoración dos méritos alegados polas persoas participantes cando reúnan os requisitos esixidos nestas mesmas bases e o concursante non pertence á Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica senon a Escala de Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional.

A Comisión de Valoración, decide por unanimidade, non proceder á valoración dos méritos presentados polo concursante Don Alejandro Maseda Mallo

Efectuada a baremación dos méritos e memorias presentadas polos restantes aspirantes, se confecciona co resultado, o seguinte CADRO RESUMO.

ASPIRANTE	Anti- güidade (máximo 4)	Expe- riencia (máximo 3)	Grao persoal (máximo 2)	Traballo desempeñado (máximo 2.25)	Permanencia (máximo 0.75)	Méritos academicos (máximo 3)	Lingua galega (máximo 1)	Outras titulacións (máximo 2)	Conciliación (máximo 1)	Memoria (máximo 6)	TOTAL
MARIA DEL CARMEN FLORES PARDO	4	3	1.5	2.25	0.75	0.10				N.P.	11.60
JUAN ESTEBAN MÉNDEZ LEIVA	3.89	3	0	2.03	0.75	2.85	1	2		0	15.52
PEDRO FELIPE PEDROUZO DEVESA	2.82	0	1.75	2.25	0.75	3	0.4		0.7	4	15.67

En relación á MEMORIA, o aspirante Don Juan Esteban Méndez Leiva redacta e asina un documento que a xuízo da Comisión de Avaliación non merece tal denominación.

Segundo as bases aprobadas os concursantes deberían elaborar unha *memoria sobre a análise das tarefas do posto e dos requisitos, condicións e medios*

necesarios para o seu desenvolvemento, a xuízo do candidato/a, de acordo coa descrición contida na convocatoria. O aspirante arranca coa normativa xeral aplicable dende o artigo 140 da Constitución Española para seguidamente en algo máis de tres carillas, excluída a portada, reproducir a ficha do posto de traballo contida na Relación de Postos de Traballo do Concello de Lugo actualmente vixente e accesible dende a páxina web do Concello así como da composición actual do servizo en orde aos medios persoais extraídos de idéntica fonte.

Non son moi explícitas as bases aprobadas en orde ao contido da memoria pero esta Comisión de Avaliación considera que non se acomoda á cobertura dun posto de xefatura de servizo, a presentación dun documento tan parco, limitado á copia dos accesibles publicamente sen maior aportación persoal que sí se esixe nas bases. Nin análise das tarefas cunha mínima profundidade, coherencia e extensión, nin requisitos, condicións e medios necesarios agás a exigua relación de medios persoais, xa adscritos ao servizo.

En relación á MEMORIA, asinada por Don Pedro Felipe Pedrouzo Devesa, a xuízo da Comisión de Avaliación sí que analiza unha por unha as tarefas asignadas ao posto con maior profundidade e coherencia no seu contido denotando un maior coñecemento do funcionamento da Administración, relacións co persoal adscrito ao servizo, participación na elaboración dos orzamentos, transversalidade do servizo, mecanismos para a elección dos criterios de adxudicación, criterios medioambientais, políticas de igualdade, elementos de control na contratación durante a súa execución, etc.

Non obstante esta Comisión entende que falta profundidade nalgúns contidos sobre todo na referencia a importancia da Axenda 2030 nesta materia, nos medios para a implantación dos ODS... que dotarían á memoria de aportacións persoais que redundarían na dotación de medios para o desenvolvemento do contido propio da xefatura de servizo no Concello de Lugo.

A PROPOSTA provisional de puntuación por orde decrecente e de adxudicación ao aspirante con maior puntuación, resulta ser a seguinte:

ASPIRANTE	Anti- güidade (máximo 4)	Expe- riencia (máximo 3)	Grao persoal (máximo 2)	Traballo desempeñado (máximo 2.25)	Permanencia (máximo 4)	Méritos académicos (máximo 3)	Lingua galega (máximo 4)	Outras titulacións (máximo 2)	Conciliación (máximo 1)	Memoria (máximo 6)	TOTAL
PEDRO FELIPE PEDROUZO DEVESA	2.82	0	1.75	2.25	0.75	3	0.4		0.7	4	15.67
JUAN ESTEBAN MÉNDEZ LEIVA	3.89	3	0	2.03	0.75	2.85	1	2		0	15.52
MARIA DEL CARMEN FLORES PARDO	4	3	1.5	2.25	0.75	0.10				N.P.	11.60

II. ACORDOS DA COMISION DE AVALIACION.

A Comisión de Avaliación do Concurso, ACORDA por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar o cadro-resumo de baremación provisional de méritos e memoria transcrita anteriormente

SEGUNDO.- De acordo coa base sexta da convocatoria do Concurso, os resultados da avaliación dos méritos e a proposta de adxudicación provisional exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo para que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse reclamacións en relación á baremación. Transcorrido o prazo sinalado sen que se presentasen ditas reclamacións, se entenderá esta proposta elevada automaticamente a definitiva quedando remitida á autoridade convocante para a súa publicación na sede electrónica, páxina web e portal de transparencia do Concello de Lugo.

E para que conste asinan a presente os membros da Comisión de Valoración enriba citados, dando por finalizado o acto ás 15.00 h de todo o que como secretaria da Comisión de avaliación dou fe.

Presidente,

don Luis Ramón Vázquez Parga

Secretaria,

dona Ana María Rivas García

Vogais

don Marco Antonio García-Gabilán Sangil

don Luis Alfonso Casais Fernández

don Xosé Manuel Cao Rei